



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2015

Alcalde-Presidente en funcións:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día tres de decembro de dous mil quince, baixo a Presidencia en funcións do señor don José Ramón Pardo Andrade reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19 DE NOVEMBRO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dezanove de novembro de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA SITA NA RÚA SANTIAGO Nº 16, FORMULADA POR MARÍA DEL CARMEN GESTOSO VÁZQUEZ, EXPEDIENTE 116/2014.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 7 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6100, solicitude de licenza municipal de obra maior para labores de conservación da cuberta dunha vivenda existente sita na rúa Santiago nº 16, Padrón, formulada por D^a. M^a del Carmen Gestoso Vázquez. Achégase coa solicitude orzamento das obras e recibo do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana correspondente ao ano 2014.

Segundo. En data 16 de xullo de 2015 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 30 de xullo de 2015 a solicitante achega documentación adicional.

Cuarto. En data 7 de outubro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto. En data 8 de outubro de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de obter a preceptiva autorización sectorial.

Sexto. En data 19 de novembro de 2015 ten entrada no Concello resolución do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña de data 16 de novembro de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

Sétimo. En data 24 de novembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. Trátase da solicitude de licenza municipal de obras de conservación da cuberta dunha vivenda existente na rúa Santiago nº 16, que actualmente presenta un estado de deterioro considerable, con lavado da cuberta, limpeza de canos e reposición de tellas rotas da mesma.


O artigo 195.3 da LOUG determina a necesidade de contar con proxecto técnico para outorgar licenza para a construción de edificios ou instalacións, exceptuando desta obriga aquelas obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade construtiva e económica non requiren a intervención dun técnico, tendo en conta así mesmo a non afectación a elementos estruturais, alteración de ocos ou dos usos do inmovible. Neste senso o informe técnico municipal considera que a intervención se incluíría na devandita excepción, polo que neste senso se estima coma axeitada a documentación presentada para que se teña constancia e coñecemento de tódolos extremos relevantes da intervención e polo tanto para documentar de forma axeitada o expediente de solicitude de licenza.

Segundo. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial, que é o principal previsto pola mesma. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Terceiro. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

O planeamento especial referido non chegou a ser desenrolado ata a data, polo que estas consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Toda vez que no presente caso se conta coa resolución favorable do departamento territorial da devandita Consellería, dáse cumprimento á autorización sectorial requirida, polo que a intervención resulta neste senso autorizable.

Cuarto. Non son necesarias máis autorizacións sectoriais para a licenza solicitada, de acordo co exposto no informe técnico municipal. Non se determina polos servizos técnicos a necesidade de depósito ou aval algún para responder pola execución de obras de urbanización.

Quinto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D^a. María del Carmen Gestoso Vázquez licenza municipal de obras de conservación de cuberta de vivenda sita na rúa Santiago nº 16, con referencia catastral 7722809NH2372S0001XO, expediente 116/2015, conforme a documentación e orzamentos presentados.

- a) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: conservación de cuberta de vivenda existente con limpeza de cuberta e canalóns e reposición de tellas rotas..
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela: Os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 480,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Santiago nº 16
- f) Nome ou razón social do promotor: D^a. María del Carmen Gestoso Vázquez.
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e

uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D^a. María del Carmen Gestoso Vázquez licenza municipal de obras de conservación de cuberta de vivenda sita na rúa Santiago nº 16, con referencia catastral 7722809NH2372S0001XO, expediente 116/2015, conforme a documentación e orzamentos presentados.

- b) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: conservación de cuberta de vivenda existente con limpeza de cuberta e canalóns e reposición de tellas rotas..

c) Altura, volumes e ocupación de parcela: Os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 480,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: rúa Santiago nº 16

f) Nome ou razón social do promotor: D^a. María del Carmen Gestoso Vázquez.

g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen perxuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE ENTRADA A FINCA NO LUGAR DE CRUCES, FORMULADA POR D^a. MARINA LOPEZ MARIÑO, EXPEDIENTE 177/2015/CP.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de novembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 15 de outubro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8865, escrito redactado e asinado por D^a Marina López Mariño solicitando permiso para a execución dunha entrada a dúas fincas da súa propiedade sitas no lugar de Cruces, achegando cartografía catastral da zona.

Segundo. En data 28 de outubro de 2015 emítese requirimento á interesada de documentación necesaria para a tramitación da súa solicitude.

Terceiro. En data 5 de novembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9449, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal de obras de execución de entrada finca sita no lugar de Cruces, en fincas con referencia catastral 15066A009000750000ZM e 15066A009000760000ZO, formulada por D^a. Marina López Mariño. Achégase coa comunicación previa orzamento, fotografías da zona de intervención e datos catastrais, así coma breve memoria descritiva.

Cuarto. En data 17 de novembro de 2015 emítese novo requirimento á interesada de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

Quinto. En data 23 de novembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 27 de novembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxeción ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

– Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade dos servizos técnicos municipais, execución de rampa de acceso a finca dende camiño no seu vento sur (3,00 metros de ancho) asegurando os laterais para evitar derrubamentos e colocación de tubo de 400 mm de diámetro (3,00 metros de longo) no mesmo fronte, para dar acceso a fincas con referencias catastrais 15066A009000750000ZM e 15066A009000760000ZO.

– Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

– De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

– Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.

– Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non procede o ditame ambiental.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de solo non urbanizable non protexido de núcleos rurais de poboación (NN), conforme o PXOM do Concello de padrón, coa consideración de solo de núcleo rural de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 5 de novembro de 2015, asinada por D^a. Marina López Mariño, para obras de execución de entrada a finca sita no lugar de Cruces, en fincas con referencia catastral 15066A009000750000ZM e 15066A009000760000ZO, expediente 177/2015/CP.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días

hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 5 de novembro de 2015, asinada por D^a. Marina López Mariño, para obras de execución de entrada a finca sita no lugar de Cruces, en fincas con referencia catastral 15066A009000750000ZM e 15066A009000760000ZO, expediente 177/2015/CP.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

4.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A TALLER DE REPARACIÓN DO AUTOMÓBIL BAIXO A DENOMINACIÓN COMERCIAL DE "TALLERES R. CASAL, S.L.", SITO NO LUGAR DE PAZOS, FORMULADA POR D^a. MARÍA NIEVES CASAL RODRÍGUEZ EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL "TALLERES R. CASAL S.L.", EXPTE 49/2015/CTA.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 4 de novembro de 2015 ten entrada no concello, con número de rexistro 9417, formulario de comunicación previa de cambio na actividade referido ao cambio de titular da actividade de taller de reparación do automóbil baixo a denominación comercial "Talleres R. Casal S.L.", ubicado no Lugar de Pazos. Achégase coa solicitude copia do acordo de concesión de licenza de taller de electricidade por parte da Comisión Permanente de data 9 de maio de 1974; copia do acordo da Comisión de Goberno do Concello de Padrón de data 5 de xullo de 1993, ampliando a licenza a taller de reparación de vehículos nas ramas de electricidade, chapa, pintura e mecánica; acreditación do poder de representación da persoa física asinante da solicitude, alta no imposto de actividades económicas, contrato de arrendamento e inscrición no rexistro industrial da Delegación Provincial do Ministerio de Industria da Coruña.

Segundo. En data 18 de novembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 24.3 da lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do cambio de titularidade ao réxime de comunicación previa.

Segundo. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Terceiro. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 18 de novembro de 2015, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de actividade de taller de reparación de vehículos nas ramas de electricidade, chapa, pintura e mecánica sito no lugar de Pazos, comunicada por D^a Nieves Casal Rodríguez en representación da mercantil "TALLERES R. CASAL S.L.", sociedade que pasa a ser a nova titular da actividade, outorgada pola Comisión Permanente do Concello de data 9 de maio de 1974 e polo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 5 de xullo de 1993, expediente 49/2015/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de actividade de taller de reparación de vehículos nas ramas de electricidade, chapa, pintura e mecánica sito no lugar de Pazos, comunicada por D^a Nieves Casal Rodríguez en representación da mercantil "TALLERES R. CASAL S.L.", sociedade que pasa a ser a nova titular da actividade, outorgada pola Comisión Permanente do Concello de data 9 de maio de 1974 e polo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 5 de xullo de 1993, expediente 49/2015/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE EXTRAMUNDI, FORMULADA POR D. JUAN RAMÓN MATA GARCÍA, EXPEDIENTE 194/2011.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 30 de novembro de 2012 a Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión ordinaria, outorga a D. Juan Ramón Mata García licenza municipal de obras para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Extramundi. O acordo foi notificado ao solicitante en data 26 de outubro de 2012.

Segundo. En data 27 de xullo de 2015, o solicitante achega escrito solicitando prórroga dos prazos da referida licenza.

Terceiro. En data 25 de novembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente a solicitud de prórroga.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 197 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) en canto á posibilidade de outorgar prórroga dos prazos establecidos para o inicio e conclusión das obras se a solicitud é formulada antes do transcurso do prazo inicialmente establecido e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística no momento da concesión da mesma.

Segundo. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 25 de novembro de 2015, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Juan Ramón Mata García prórroga da licenza municipal de obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Extramundi, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de novembro de 2012, expediente 194/2014, con expreso sometemento ao condicionado xeral e particular, no seu caso, da licenza outorgada.

A prórroga concédese por un novo prazo de trinta e seis (36) meses dende a data de notificación da concesión da prórroga solicitada.

Segundo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Terceiro. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de

dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Juan Ramón Mata García prórroga da licenza municipal de obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Extramundi, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de novembro de 2012, expediente 194/2014, con expreso sometemento ao condicionado xeral e particular, no seu caso, da licenza outorgada.

A prórroga concédese por un novo prazo de trinta e seis (36) meses dende a data de notificación da concesión da prórroga solicitada.

Segundo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Terceiro. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DONA MARÍA YOHANA INAREJO ROMERO.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 30 de novembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 27 de novembro de 2015 número de rexistro de entrada 10145, por Dona María Yohana Inarejo Romero solicítase a concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica.

Segundo.- En data 27 de novembro de 2015 emítese pola Traballadora Social, co visto e praxe da Concelleira de Servizos Sociais, informe xustificativo das dificultades de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe da Concelleira de Servizos Sociais, de data 27 de novembro de 2015, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propónse á Xunta de Goberno Local:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro. Conceder a Dona María Yohana Inarejo Romero a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a Dona María Yohana Inarejo Romero a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.

7.- SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DON JOSÉ TABOADA GONZÁLEZ.

Por parte do señor Presidente en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 30 de novembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 18 de novembro de 2015, número de rexistro de entrada 9833, por Don José Taboada González solicítase a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 06/2010, expedida por este Concello.

Segundo.- En data 24 de novembro de 2015 emítase pola Traballadora Social, co visto e praxe da Concelleira de Servizos Sociais, informe xustificativo das dificultades graves de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, do solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de aparcamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe da Concelleira de Servizos Sociais, de data 24 de novembro de 2015, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de

Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Don José Taboada González a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica nº 06/2010, válida por cinco anos, que poderá ser renovada pasado este período de tempo.

